

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP.

AO CONCELLO DE NARÓN EN PLENO

EMENDAS QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR (PP) AO PROXECTO DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DE NARÓN PARA O ANO 2020 PARA O SEU DEBATE E DELIBERACIÓN NO PLENO.

O grupo popular presentou un total de 9 emendas ao proxecto de orzamentos para 2020. Un grupo de emendas que tentan paliar un proxecto orzamentario insuficiente que segue a súa liña de continuísmo sen dar novas alternativas nin profundizar nos principais problemas que se xeran no municipio.

Desde o PP de Narón consideramos que é esencial e necesario corrixir un orzamento que de partida sube os gastos correntes nunha cantidade moi importante (máis de 700.000,00)€ pasando dos 17 millos de € e redúcense os investimentos reais, e con iso non se esta a favorecer os intereses dos veciños. As nosas propostas de emendas pretenden achegar solucións a problemas que o goberno local, non resolve co seu proxecto de orzamentos, e que a título enunciativo e non exhaustivo son os seguintes:

1.- Plan de Conservación de Rúas e vías Municipais.

O partido popular solicita a implantación dun programa de conservación de rúas e vías municipais para dar resposta á necesidade de conservación e mantemento dos diferentes barrios e parroquias dunha forma directa áxil e eficaz. Un plan que en esencia contempla actuacións periódicas de limpeza, arranxo de firmes e beirarrúas de rúas, avenidas, prazas, viarias e camiños. Infraestruturas que son utilizadas por moitas/os veciñas/os do noso Municipio no día a día. Por iso o Concello debe dedicar unha parte importante dos recursos, para mellorar a seguridade viaria dos peóns.

SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS				
CLASF. ORGÁNICA	ECON	DENOMINACIÓN DE LAS APLICACIONES	CRÉDITOS INICIALES	CREDITOS INCREMENTADOS
1532	21000	INFRAESTRUTURAS E BENS NATURIS.	50.000,00 €	100.000,00 €
1532	61900	OUTRAS INFRET. REPARACIÓN	30.000,00 €	85.000,00 €

2.- Promoción de emprego PROGRAMA DE BOLSAS PARA ESTUDAR E FACER PRACTICAS EN PAISES DA UE

Posta en marcha dun programa de bolsas e prácticas laborais mediante convenios a subscribir con empresas de Narón e comarca coa creación de novos enfoques a través das axudas da UE para fomentar as prácticas e completar o período formativo dos estudantes permitíndolles manter un primeiro contacto co mundo empresarial e o intercambio con países da UE.

100.000,00 €

3.- Bolsa de Impulso ao Emprendedor:

Posta en marcha da bolsa ao emprendedor para fomentar a creación de novas empresas con axudas para financiar o pago do 100 % das taxas municipais para os empresarios que aposten por Narón con independencia da súa idade, en busca de activar a economía e xerar interese no sector para tentar activar novas empresas nos polígonos e nos barrios.

100.000,00 €

4.- PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO NINGUN MAIOR SÓ

Programa de control en especial para aquelas persoas que teñan menos recursos económicos, que vivan soas nos diferentes barrios e parroquias, brindando oportunidades de convivencia con outras familias para resolver as dificultades de poidan xurdir. Organizar talleres e actividades dirixidas e esas persoas de modo que se favoreza a súa participación efectiva. Poñendo en marcha un servizo de transporte porta a porta para garantir a asistencia daquelas/os veciñas/os que atopen na distancia un obstáculo insalvable.

35.000,00 €

5.- CASA DA MOCIDADE

A presente emenda pretende dotar de partida a casa da Mocidade, por considerar necesario o investimento de recurso para mellora das instalacións, coa vista posta en elevar a prestacións do local e xerar unha estancia máis acolledora para incrementar o uso e participación dos mozos de Narón.

20.000,00€

6.- Programa de melloras de Instalacións Deportivas:

A presente emenda pretende incrementar a partida destinada á reparación e mantemento das instalacións deportivas, campos de fútbol, pavillóns, pistas de atletismo entre outras, para garantir a práctica do deporte aos usuarios nas mellores condicións durante todo o ano.

Con iso, mellórase a seguridade, que permita un desenvolvemento óptimo das persoas que practican deporte, o cal redunda no benestar dos usuarios.

110.000,00 €

7.- Emenda para a mellora en Turismo e a participación en Fitur.

Consideramos necesario asistir á feira de Turismo en Fitur (Madrid) para promocionar e potenciar a Narón como destino turístico dentro da Comarca de Ferrol, Eume e Ortegal, dar a coñecer os enclaves de que dispón Narón para que os visitantes poidan gozar deles.

10.000,00 €

8.- Emenda para a mellora das partidas destinadas ao Mobiliario Urbano Marquesiñas.

Consideramos moi necesario a ampliación de partida para repoñer mobiliario urbano como poden ser as marquesiñas e todo o relacionado con esa partida económica.

15.000,00 €

9.- Emenda para a mellora das partidas destinadas a Equipamento de Locais Municipais.

Consideramos necesario a aprobación da presente emenda para incrementar a partida destinada ao equipamento de locais que dependan do concello como locais do sector social, educativo, deportivo e tempo libre, cedidos ou compartidos por distintas asociacións ou entidades deportivas. Uns locais desa natureza e tendo en conta os usuarios dos mesmos, require unha dotación orzamentaria adecuada para os conceptos sinalados. O seu continuo e uso diario dos mesmos fai necesario unha aposta responsable que permita convivir aos usuarios dos centros, para que se permita desenvolver os proxectos que faciliten o traballo, a convivencia e o desenvolvemento das importantísimas actividades que leva a cabo dentro dos centros, por iso faise necesario incrementar a citada partida orzamentaria na contía proposta.

15.000,00 €

PARA AS PERSOAS:

- 1.- Emenda para a mellora do Plan de Rúas e Seguridade Viaria Integral.
- 2.- Emenda para a mellora do programa promoción de emprego.
- 3.- Emenda para a Bolsa de Impulso ao Emprendedor.
- 4.- Emenda para o programa de envellecemento activo ningún maior só en Narón.
- 5.- Emenda para a mellora da casa da mocidade.
- 6.- Emenda para a mellora das Instalacións Deportivas
- 7.- Emenda para a mellora en Turismo participación en Fitur.
- 8.- Emenda para a mellora das partidas destinadas ao Mobiliario Urbano Marquesiñas.
- 9.- Emenda para a mellora das partidas destinadas a Equipamento de Locais Municipais..

O importe total de mellora do orzamento Municipal proposto polas **9 emendas** ascende a **590.000,00 €**, **345.000 € son de incremento do capítulo 6 de investimentos**, e os **245.000,00 € na mellora de servizos de atención ao cidadán, mellora de Formación e emprego, do capítulo 2,3 e 4.**

As partidas que propoñemos a súa minoración son as destinadas a: **outros traballos, outros gastos diversos, publicidade e propaganda.**

Este goberno Local ten ademais unha importante tendencia a xerar conceptos orzamentarios xenéricos, **sen proxecto definido** e asociados a gastos de “outros gastos diversos, publicidade e propaganda” que propoñemos a súa redución.

Unha mellora a través de emendas que permiten unha maior concreción en proxectos claros e definidos evitando o uso excesivo de conceptos orzamentarios xenéricos e polivalentes, que son usados por parte do goberno, non facilitan a transparencia na xestión dos gastos e pretenden así evitar compromisos definidos na xestión do ano orzamentario.

As emendas do grupo Popular, son para que ás veciñas/os do noso Concello, coñezan mellor os proxectos.

As nosas emendas son propostas positivas dirixidas en beneficio das persoas (veciñas/os do Concello de Narón) que pretenden mellorar o emprego e a actividade económica, os servizos sociais do noso Municipio, mellores condicións para moverse, **cun fin último que é a mellora dos servizos públicos municipais.**

A aprobación das emendas que se presentan mellorarán notablemente o proxecto de orzamento Local presentados polo goberno de Narón, **que de poñerse en marcha, favorecerán notablemente, a vida das veciñas/os de Narón.**

